

↑ *Emmanuelle* (Audrey Diwan) ESTREA 27 DE SETEMBRO

# NUMAX PRESENTA:

**81 | SETEMBRO 2024**

Libraría

# Rentrée

Esta é unha pequena selección dos moitos títulos novos que chegarán durante este mes á libraría.




***Prefiro condenarme***
Margarita Ledo
CHAN DA PÓLVORA | 17€




***Cinco lorzas metafísicas***
María von Touceda
H&O | 13,90€




***Love me tender***
Constance Debré
ALPHA DECAY | 17,50€




***Intermezzo***
Sally Rooney
RANDOM | 22,90€




***Quiero y no puedo***
Raquel Peláez Peláez
BLACKIE BOOKS

21,90€




***La dificultad del fantasma***
Leila Guerriero
ANAGRAMA

12,90€




***Confesiones privadas***
Ingmar Bergman
FULGENCIO PIMENTEL | 20,50€




***Tras do ceo***
Manuel Rivas
XERAIS | 18,95€




***As nais non***
Katixa Aguirre
AIRA | 19€




***Chispitas de carne***
Bibiana Collado
LA BELLA VARSOVIA

12.90€




***Os caravanistas***
Elizabeth von Arnim
IRMÁS CARTONÉ | 17.50€




***Los íntimos (Memoria del pan y las rosas)***
Marta Sanz
ANAGRAMA | 22,90€




***Vidas secas***
Graciliano Ramos
LAS AFUERAS | 17,95€

## Presentacións | Setembro 2024

**MARTES 10 DE SETEMBRO ÁS 20H00**

Presentación do poemario *Prefiro condenarme* (Chan da Pólvora) de **Margarita Ledo.** A autora estará acompañada do editor **Antón Lopo** e o ilustrador **Luis Moscardó.**

**VENRES 13 DE SETEMBRO ÁS 20H00**

Presentación do libro *Lumes* (Phree) de **Adra Pallón.**

**MÉRCORES 18 DE SETEMBRO ÁS 19H00**

Presentación do libro *Educafakes* (Capitan Swing) de **Daniel Turienzo.** O autor estará acompañado da docente e xornalista **Raquel Cecilia.**

**XOVES 19 DE SETEMBRO ÁS 20H00**

Presentación do libro *El celo* de **Sabina Urraca.** A autora estará acompañada da escritora **Lara Dopazo.**



# Afinidades Electivas 2024

**VENRES 20 SETEMBRO ÁS 20H00**

Encontro literario con **Anna Pacheco** e **Ismael Ramos.**

A actividade está promovida pola Dirección Xeral do Libro e Fomento da lectura do Ministerio de Cultura e Deporte.





# A ALDEA DES-MEDIDA



# 04. A CIDADE QUE PODE SER

Libraría NUMAX
12/09/24 | 20.30
**Fran Quiroga**
**Iago Carro**

ORGANIZA
NUMAX

COMISARIADO
MaOS Innovación social S.Coop. Galega

ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA
Deputación DA CORUÑA




# Cinema

## Filme do mes:



## EMMANUELLE ESTREA 27 SET

**Audrey Diwan, 117', FR, VOSE**
Con Noémie Merlant, Naomi Watts

Emmanuelle (Noémie Merlant) é unha muller afeita a ter encontros sexuais casuais, polos que non sente ningún pracer. Un día, a cadea de hoteis de luxo para a que traballa chámaa para ir a Hong Kong revisar a baixada de ingresos dun dos seus establecementos. Tentando buscar unha excusa para despedir a directora, coñece a Lee Jae-Yong, un atractivo executivo do que se empeza a obsesionar.
A revisión do mito erótico de Emmanuelle na era post-MeToo será a película inaugural do Festival de Donostia 2024.

**Filme Inaugural Donostia 2024**

# Estreas



## REINAS ESTREA 6 SET

**Klaudia Reynicke, 105', ESP, VO, +12**
Con Jimena Lindo, Gonzalo Molina

Perú, anos 90. Cunha situación política moi convulsa, dúas irmás adolescentes e a súa nai están a piques de abandonar o país en busca dunha vida mellor. Para iso necesitan a autorización do seu pai. Mentres a conseguen, nace unha inesperada e única relación entre as nenas e o seu pai.

**Gran Premio do Xurado Generation Kplus Berlinale 2024**



## EL 47 ESTREA 6 SET

**Marcel Barrena, 110', CAT/ESP, VOSE, +7**
Con Eduard Fernández, Clara Segura

Asistimos á historia dun acto de disidencia pacífica e o movemento veciñal de base que en 1978 transformou Barcelona e mudou a imaxe dos seus suburbios para sempre. Manolo Vital, condutor de profesión, apodérase do bus da liña 47 para desmontar unha mentira que o Concello non paraba de repetir.



## ANSELM ESTREA 13 SET

**Wim Wenders, 93', DE, VOSE, +7**
Con Anselm Kiefer, Daniel Kiefer

Esta experiencia cinematográfica única afonda no traballo de Anselm Kiefer. A liña entre o cinema e a pintura esvaécese o que lle permite ao público mergullarse no extraordinario mundo dun dos máis grandes artistas contemporáneos.

**Candidata a L'Œil d'or Cannes 2023**



14 SET | Presenta o xornalista Anxo F. Couceiro

## BITELCHÚS BITELCHÚS
ESTREA 13 SET

**Tim Burton, 104, ING, VOSE / VE**
Con Michael Keaton, Winona Ryder

Xa está aquí a esperadísima secuela do filme de culto asinado en 1988 por Tim Burton. Logo dunha inesperada traxedia familiar, tres xeracións da familia Deetz regresan a Winter River. A vida de Lydia, aínda atormentada por Bitelchús, muda cando a súa rebelde filla adolescente, Astrid, descobre a misteriosa maqueta da cidade no faiado e o portal ao alén ábrese accidentalmente.



*El amor y los bosques*
Éric Reinhardt,
ALFAGUARA | 19,90€

## SÓ PARA MIN ESTREA 20 SET

**Valérie Donzelli, 105', FR, VOSE, +16**
Con Virginie Efira, Melvil Poupaud

Cando Blanche coñece a Greg cre ter encontrado o home indicado. Os lazos que os unen medran axiña e fican atrapados nunha gran paixón. Blanche abandona a súa familia e a súa irmá xemelga, Rose, e pouco a pouco vese atrapada na vida dun home profundamente posesivo e perigoso. Adaptación da novela de Eric Reinhardt.

**Mellor Guión Adaptado César 2023**



*La madre de Frankenstein*
Almudena Grandes,
TUSQUETS | 22,90€

## LA VIRGEN ROJA

ESTREA 27 SET

**Paula Ortiz, 114', ESP, VO**
Con Najwa Nimri, Alba Planas

Hildegart é concibida e educada pola súa nai Aurora para ser a muller do futuro, converténdose nunha das mentes máis brillantes da España dos anos 30. Aos 18 anos, Hildegart comeza a experimentar a liberdade e coñece a Abel Velilla. Aurora ten medo de perder o control da súa filla e está disposta a todo para evitar que marche. Baseada na historia real da ferrolá Hildegart Rodríguez.

# In memoriam Gena Rowlands



## UNHA MULLER BAIXO A INFLUENCIA

PASE ÚNICO 5 SET

**John Cassavetes, 155', ING, VOSE, 1974**
Con Gena Rowlands, Peter Falk

Mabel (Gene Rowlands) é unha muller moi querida polo seu marido, Nick (Peter Falk), e polos seus fillos. Co tempo comeza presentar certa inestabilidade que vai a máis. O seu home tenta manter a seguridade na casa até que un día o comportamento de Mabel pon en perigo os seus fillos e Nick vese obrigado a tomar medidas.

**Nomeada a Mellor Actriz Oscar 1974**

## Os ollos verdes



### FICAR EN NINGURES

PASE ÚNICO 20 SET

**Tsai Ming-Liang, 79’, VOSE**

Un monxe cunha túnica vermella atravesa as paisaxes urbanas e rurais de Washington D.C. Outro descoñecido tamén se move pola cidade. No sabemos se segue ou non o monxe camiñante. A décima -e até o de agora última- entrega da Serie do Camiñante (2012-2024).

🏆 **Berlinale Special 2024**



### KNEECAP PASES ÚNICOS 23 E 30 SET

**Rich Peppiatt, 105’, GA / ING, VOSE**

Con Mo Chara, Michael Fassbender

En Irlanda hai 80.000 falantes de irlandés, 6.000 viven no norte e tres deles vano petar moito ao formar un trío de rap chamado Kneecap. Son anárquicos, salvaxes e están dispostos a todo para salvaren a súa lingua materna.

🏆 **Premio do Público Sundance 2024**

## Foco Mikio Naruse



### NAI PASE ÚNICO 24 SET

**Mikio Naruse, 102’, XAP, VOSE, 1952**

Con Kyôko Kagawa, Kinuyo Tanaka

Ryosuke traballa día e noite para reconstruír o seu negocio de tinturaría, destruído nun bombardeo. O seu marido Masako e as súas dúas fillas, Toshiko, namorada dun panadeiro de ideas progresistas, e Hishako, fan todo o que poden para axudala, sacrificándose constantemente polo ben da familia.

## Pase especial



### CARRAXE PASE ÚNICO 7 SET

**Muriel Pernas, 12’, GAL, VO**

Con Mabel Rivera, Aicha Villaverde

Na Galicia rural, un matrimonio de ancináns vive afogado na súa rutina. Sole está recluída na súa casa para e polo seu marido, como sempre lle ensinaron. Todas as noites Mario volve bébedo, os días repítense. Os dous teñen moita carraxe acumulada nas súas vidas, e só un deles consegue sacala para fóra.

**A cor das palabras 2024**

Encontros con cineastas

# Jonás Trueba

## Seguimos a ser principiantes

Sábado 7 de setembro
12:00 | Cinema NUMAX



Foto: Pablo Hoyos

Organiza: CONCELLO DE SANTIAGO





# NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
**www.numax.org**

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica

Síguenos en @numaxcoop